

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DE APOIO Á CULTURA - ANUALIDADE 2026

BASE 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a apoiar ás **entidades sen ánimo de lucro que xestionan centros e casas culturais do Concello de Ponteareas**, para o desenvolvemento das súas actividades ordinarias durante o exercicio 2025.

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por centros e casas culturais aqueles espazos de carácter sociocultural do termo municipal (centros culturais, casas culturais, teleclubs ou similares) nos que se desenvolven actividades culturais de maneira continuada.

A presente convocatoria corresponde á anualidade 2026, financiando gastos xa realizados no exercicio 2025.

BASE 2. RÉXIME XURÍDICO

A convocatoria rexeráse polo disposto na:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo ás axudas de minimis
- Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2026
- Demais normativa concordante e de aplicación.

BASE 3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 33000-48000 correspondente do exercicio 2026.

O importe máximo a percibir por cada entidade beneficiaria será de 4.000 €.

A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

BASE 4. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as asociacións sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas, e:



Concello de Ponteareas

- a) Teñan domicilio social no Concello.
- b) Desenvolvan actividades culturais de interese municipal.
- c) De existir máis dunha asociación en cada un dos centros e casas culturais, so se outorgará, unha subvención por cada centro e casa cultural, tendo preferencia para o outorgamento aquela entidade cultural que rexente e desenvolva actividades permanentes durante todo o ano no centro cultural.
- d) Se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- e) Non incorran en ningunha das prohibicións establecidas na normativa de subvencións.
- f) A presentación da solicitude supón a aceptación da convocatoria, requisitos, obrigas e condicións establecidas na mesma.

BASE 5. GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse subvencionables os gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025 directamente vinculados á actividade cultural ordinaria da entidade, tales como:

- Material funxible.
- Subministracións (gas, electricidade, telefonía, combustibles...)
- Pequenas reparacións asociadas ao mantemento das instalacións
- Alugamento de materiais e equipamentos.
- Contratación de servizos culturais.
- Gastos de publicidade e difusión.
- Gastos de deseño, maquetaxe e impresións para a realización de actividades culturais
- Premios e trofeos de carácter non monetario.
- Seguros vinculados á actividade.

Non serán subvencionables:

- Investimentos en bens inventariables
- Gastos de manutención ordinaria da entidade.
- Tributos, taxas e prezos públicos satisfeitos ao Concello de Ponteareas ou entidades colaboradoras
- Os intereses debedores das contas bancarias, cargos e sancións administrativas e penais; os gastos de procedementos xudiciais e as nóminas.
- Gastos de produtos alimenticios (coa excepcionalidade de castañas para os magostos, produtos comprados para premios e caramelos destinados a actividades culturais), os gastos en menaxe, excursións, da realización de eventos relixiosos e de festas gastronómicas.



Concello de Ponteareas

- Premios en metálico.
- Gastos non xustificados documentalmente.

BASE 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN SIMULTÁNEA

As solicitudes presentaranse no prazo de 20 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial correspondente.

Dado que a presente convocatoria financia gastos xa realizados no exercicio 2025, a documentación xustificativa deberá presentarse simultaneamente coa solicitude, non existindo un prazo posterior de xustificación.

A falta de achega da documentación xustificativa completa determinará a inadmisión ou, se é o caso, a minoración da contía subvencionable.

A presentación da solicitude e da documentación complementaria realizarase exclusivamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas, conforme ao establecido na normativa vixente.

A solicitude presentarase obrigatoriamente a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas, mediante o formulario normalizado (Anexo I).

BASE 7. DOCUMENTACIÓN

As entidades deberán achegar:

1. Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade (**CIF**)
2. **Estatutos** da entidade

Os estatutos e o CIF entregaranse unicamente no caso de non constaren en poder do Concello ou de teren sufrido modificacións.

3. **Anexo I. Formulario único normalizado**, que inclúe:

- a) Solicitude debidamente asinada pola presidencia da entidade.
- b) Autorización para comprobar se a asociación está ao corrente coas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e TGSS)
- c) Declaración de que a asociación non ten ánimo de lucro e está legalmente constituída.
- d) Declaración responsable expresa da presidencia de que ostenta a representación legal da entidade.
- e) Declaración responsable expresa de que a entidade acordou solicitar a presente subvención conforme ás súas normas estatutarias.
- f) Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.



Concello de Ponteareas

- g) Declaración en relación con outras axudas solicitadas e/ou concedidas por outras administracións ou organismos para a mesma finalidade, detallando, de ser o caso, o organismo, o procedemento e o importe.
- h) Declaración en relación á solicitude e/ou obtencións doutras axudas acollidas ao réxime de minimis.
- i) Declaración responsable expresa do número de socios a data 31 de decembro de 2025, para efectos de valoración, indicando tamén a cota anual por socio e os ingresos obtidos por este concepto no exercicio 2025. Poderase achegar copia da acta da asemblea anual para a súa acreditación.
- j) Declaración sobre se o Concello asume ou non os gastos de electricidade e/ou funcionamento dos edificios de titularidade municipal utilizados pola entidade.
- k) Compromiso de dar publicidade á colaboración do Concello de Ponteareas nas actividades subvencionadas, incluíndo os logos normalizados municipais nos materiais de difusión.

4. **Anexo II.** Memoria descriptiva das actividades realizadas durante o exercicio 2025.

Así mesmo, deberá achegarse documentación gráfica ou acreditativa das actividades realizadas (fotografías, carteis, programas, publicacións ou similares), que permita verificar a súa efectiva realización.

5. **Anexo III.** Modelo de conta xustificativa debidamente cuberto.

6. **Relación clasificada de gastos e ingresos correspondentes ao exercicio 2025**, asinada pola presidencia da entidade, na que se reflectan:

- Gastos da actividade desagregados por conceptos (mantemento, obras, adquisicións, subministracións, actividades culturais, cursos, material, etc.).
- Ingresos obtidos, incluíndo cotas de socios, subvencións doutras administracións e outros recursos.

O importe da subvención, xunto cos ingresos obtidos pola entidade para o financiamento das actividades incluídas neste cadro, non poderá superar o importe total dos gastos nel recollidos.

7. **Facturas** completas conformes á normativa fiscal vixente, correspondentes a gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

8. **Xustificantes** bancarios de pagamento que acrediten o pagamento efectivo das facturas presentadas.

- a) **Transferencia bancaria.** É o método recomendado en todos os casos. A conta de cargo deberá estar a nome da entidade. O



Concello de Ponteareas

xustificante deberá identificar claramente o acredor, o importe, a data e a correspondencia coa factura presentada.

- b) **Cheque nominativo.** Xustificarse mediante copia do cheque emitido a nome do proveedor e acreditación do seu cobro. Os cheques ao portador consideraranse pagamento en efectivo.
- c) **Pagamento en efectivo** (non recomendable). Acreditarase mediante recibo no que conste, polo menos, a expresión “recibín” ou equivalente, a data, o importe, a sinatura e identificación da persoa que recibe o pagamento.
- d) **Pagamentos mediante medios electrónicos** (tarxeta bancaria, aplicacións móbiles ou similares) deberán acreditar documentalmente a saída efectiva de fondos da conta da entidade.

Non se admitirán pagamentos en efectivo superiores aos límites establecidos na normativa vixente, conforme aos límites establecidos na Lei 11/2021 de medidas de prevención da fraude fiscal

A Administración poderá requirir documentación ou información complementaria para unha mellor avaliación das solicitudes.

Só serán considerados para efectos de valoración e cálculo da subvención aqueles gastos que se atopen debidamente acreditados mediante factura válida e xustificante de pagamento.

Non será necesario achegar documentación xa presentada anteriormente ante esta Administración, sempre que se indique a data e procedemento no que foi presentada e non transcorresen máis de cinco anos.

BASE 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión realizarase en réxime de concorrència competitiva, aplicando os seguintes criterios:

A) Casas culturais nas que o Concello non asume gastos de funcionamento como limpeza, mantemento, ou calquera outra subministración.

- 15 puntos as casas culturais cuxa titularidade non sexa do Concello
- 10 puntos as casas culturais cuxa titularidade sexa do Concello

B) Obterán 15 puntos as casas culturais nas que o Concello non asume especificamente os gastos en electricidade.

C) Número de socios (máx. 20 puntos)

- De 1 a 100 socios: 5 puntos
- De 101 a 200 socios: 10 puntos
- De 201 a 500 socios: 15 puntos
- Máis de 500 socios: 20 puntos



Concello de Ponteareas

As entidades que non cobren cotas de socio, non recibirán ningún punto.

D) Número actividades totais desenvolvidas pola asociación no período subvencionable (máx. 20 puntos)

- De 1 a 3 actividades: 2 puntos
- De 4 a 10 actividades: 5 puntos
- De 11 a 20 actividades: 10 puntos
- De 21 a 40 actividades: 15 puntos
- De 40 en diante actividades: 20 puntos

E) Número de actividades culturais que se fan no período subvencionabel, organizadas e financiadas pola asociación, tendo en conta os actos puntuais que animan a participación social mediante actividades culturais (máx. 30 puntos)

- De 1 a 3 actividades culturais: 2 puntos
- De 4 a 10 actividades culturais: 10 puntos
- De 11 a 20 actividades culturais: 20 puntos
- De 21 a 40 actividades culturais: 30 puntos

F) En función do uso da lingua galega na cartalaría e na difusión dos eventos no ámbito de actuación de cada entidade. (máx. 5 puntos)

- As veces: 2 puntos
- Sempre: 5 puntos

BASE 9. SISTEMA DE DISTRIBUCIÓN

O valor económico de cada punto obterase dividindo o crédito total dispoñible (40.000 €) entre a suma total de puntos obtidos por todas as entidades admitidas.

O importe individual da subvención calcularase multiplicando o valor do punto pola puntuación acadada por cada entidade.

En ningún caso o importe poderá superar os 4.000 € por entidade nin o importe total xustificado.

BASE 10. INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

1. O procedemento instruírse no Servizo de Cultura do Concello de Ponteareas, a través do persoal técnico municipal competente, que comprobará que os solicitantes cumpren os requisitos establecidos e que presentaron a documentación requirida.
2. Se a documentación presentada fose incompleta, requiriráselle ao solicitante que, no prazo máximo de dez días naturais, emende as faltas ou achegue os documentos necesarios.



Concello de Ponteareas

- Transcorrido este prazo sen emenda, entenderase que o solicitante desiste da súa petición, tras resolución do Primeiro Tenente de Alcaldesa, de acordo co artigo 68 da LPACAP.
3. Para a avaliación das solicitudes constituirase unha **Comisión de Avaliación**, integrada polos seguintes membros, todos con voz e voto:
 - a) **Presidente:** Primeiro Tenente de Alcaldesa e concelleiro de Cultura.
 - b) **Vogais:** un designado entre o persoal municipal do Departamento de Cultura e outro do Departamento de Intervención Municipal. Un dos vogais actuará como Secretario.
 4. En caso de ausencia dalgún membro, este poderá ser substituído por outra persoa designada polo Primeiro Tenente de Alcaldía.
 5. A Comisión examinará as solicitudes e a documentación presentada, emitindo unha **acta de avaliación**, que terá carácter de **proposta de resolución provisional**, debidamente motivada.
 6. A proposta de resolución provisional publicárase no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e na páxina web www.ponteareas.gal, concedéndose un prazo de dez días naturais para formular alegacións, contados a partir do día seguinte á súa publicación.
 7. Unha vez examinadas as alegacións, se procede, a Comisión elaborará a proposta de resolución definitiva.
 - De non presentarse alegacións, a proposta provisional terá carácter de definitiva.
 - A proposta indicará claramente que os solicitantes aos que se propón a concesión da subvención cumpren todos os requisitos, a súa contía, así como, se é o caso, a desestimación motivada das solicitudes que non cumpren os requisitos.
 8. A Comisión poderá, en calquera momento, solicitar información adicional ou verificar calquera aspecto relacionado coas solicitudes.
 9. As listas provisionais e definitivas **non crean dereito ningún** fronte ao Concello ata que se notifique a resolución definitiva, que deberá contar co informe previo de fiscalización da Intervención Municipal.

BASE 11. RESOLUCIÓN

1. A proposta definitiva pasará á **Intervención Municipal** para a súa fiscalización, conforme ao Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Tras o informe da Intervención Municipal, a **resolución final** das subvencións correspóndelle **asinar ao Primeiro Tenente de Alcaldesa**,



Concello de Ponteareas

por delegación da Alcaldía, mediante decreto 2023-2084, do 19 de outubro de 2023 que deberá incluír:

- A relación de entidades beneficiarias e a contía concedida.
 - A desestimación das solicitudes que non cumpran os requisitos.
3. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes, poderán formularse os recursos legais que correspondan:
- Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra (Lei 29/1998).
 - Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes (Lei 39/2015). Non poderán interpoñerse ambos simultaneamente.
4. A resolución será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e notificaráselle aos interesados conforme ao artigo 40 da LPACAP.
5. As subvencións **non poderán superar o 100% do gasto subvencionable**, e o pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade solicitante.
6. O prazo máximo para resolver será de **tres meses** desde o fin do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

BASE 12. XUSTIFICACIÓN

De conformidade coa Base 6, a xustificación deberá presentarse simultaneamente coa solicitude, non existindo prazo posterior de xustificación. A xustificación efectuarase mediante a documentación presentada:

- Anexo III. Conta xustificativa.
- Relación clasificada de gastos.
- Facturas completas conformes á normativa fiscal.
- Xustificantes bancarios de pagamento.

Non se admitirán pagamentos en efectivo superiores aos límites establecidos na normativa vixente.

BASE 13. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias deberán cumprir, sen excepción, as seguintes obrigas:

1. **Sometemento a comprobacións e control financeiro:** Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas pola lexislación vixente en



Concello de Ponteareas

materia de subvencións, incluíndo aquelas realizadas pola Intervención Municipal.

2. **Reintegro de fondos:** Proceder ao reintegro total ou parcial dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, en particular:
 - a) Por obter a subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando circunstancias que impidisen a concesión.
 - b) Por mostrar resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
3. **Cumprimento da normativa xeral:** Respetar as obrigas establecidas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.
4. **Veracidade e cumprimento da convocatoria:** Garantir a veracidade dos datos presentados na solicitude e cumprir todas as normas desta convocatoria.
5. **Boas prácticas de comunicación e difusión:** Utilizar linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade das actividades subvencionadas, así como promover o uso do idioma galego.
6. **Colaboración nas actividades culturais:** Participar na organización e difusión das actividades culturais propostas pola Concellería de Cultura no propio centro ou casa cultural beneficiaria.

BASE 14. RÉXIME DE RECURSOS

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse:

- Recurso potestativo de reposición no prazo dun mes.
- Recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses.

BASE 15. PROTECCIÓN DE DATOS

O tratamento dos datos persoais achegados polas persoas solicitantes ao Concello de Ponteareas, fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Ponteareas determinará a exclusión da persoa interesada no procedemento.



Concello de Ponteareas

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para todas aquelas cuestións non establecido nas presentes bases, serán de aplicación as bases de execución do orzamento municipal, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE n.º 276, de 18 de novembro de 2003), a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG» núm. 121, do 25 de xuño de 2007), o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (BOE n.º 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

